

CURSO: **ATENCIÓN NA AULA A ALUMNADO CON NEE. A DIVERSIDADE NA AULA**

O NOVO MARCO LEGAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2. CONTIDOS:

2.1. CONCEPTOS:

a) **Concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo na LOE e no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.**

- LOE (Art. 71.2) e Decreto 229/2011 (Art. 32): Enténdese por **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** *aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.*
- É un grupo extenso de alumnas e alumnos. Aquí están:
 - Alumnado con **necesidades educativas especiais** (ANEE).
 - Alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe** (ADEA).
 - Alumnado con **altas capacidades intelectuais**.
 - Alumnado de **incorporación tardía ao sistema educativo**.
 - Alumnado con necesidade específica de apoio educativo por **condicións persoais ou de historia escolar**.

b) **Concepto de alumnado con necesidades educativas especiais na LOE.**

- Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais **aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.**
- Entre ese alumnado considérase:
 - O que presenta **necesidades educativas especiais por discapacidade**: cando as súas condicións físicas, psíquicas ou sensoriais limitan significativamente, de forma transitoria ou permanente, o seu proceso de aprendizaxe.
 - O que presenta **necesidades educativas especiais por un trastorno grave de conduta**: cando manifesta alteracións mentais, emocionais ou do comportamento que, pola súa intensidade, frecuencia e duración, limitan o seu desenvolvemento educativo, a súa capacidade de axuste e adaptación así como o xeito de enfrontar e resolver situacións cotiás.

c) **Concepto de atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.**

- Conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta

educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de **todo o alumnado**. (Art. 3)

- **A diversidade é unha realidade social:**
 - Diverso (distinto) é cada un dos alumnos e alumnas.
 - Diversa (distinta) é cada familia.
 - Diversos (distintos) somos cada un dos profesores e profesoras.
 - Diverso (distinto) é cada un dos centros educativos, cada comunidade educativa.

2.2. A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO A PARTIR DO DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO:

a) *¿Por que o **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación?***

- Porque era necesario acuñar o **concepto diversidade**.
- Porque segue a ser necesaria a **insistencia na inclusión educativa**, da que se benefician todas e todos.
- Porque hai que promover a **permanencia no sistema educativo** daquel alumnado con frecuentes ausencias ao centro ou que abandona o sistema ao rematar a idade de escolarización obrigatoria.
- Porque hai que buscar **respostas actuais a situacións actuais**. Hai que entender as realidades sociais do momento e buscar solucións á incidencia desas realidades na educación, na formación.
- Porque hai que insistir en que as auténticas melloras, os cambios “finos”, sitúanse na **actuación de cada centro educativo**, pero é necesario que o que se fai nun centro forme parte dun plan, dun programa, de ... E todo iso inspirado polo proxecto educativo do propio centro. De aí que unha das grandes novidades do decreto 229/2011 é a forma na que cada centro debe articular a atención á diversidade, o que debe conformar o seu Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).
- Porque era necesaria unha **ordenación e sistematización** das accións e medidas educativas destinadas a atender á diversidade do alumnado, identificando as medidas educativas ordinarias como os mellores “programas proactivos” e restríndo as extraordinarias ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Porque era necesario reafirmar a importancia da **participación das familias** na educación e formación dos seus fillos e fillas.
- Porque era necesaria unha **clarificación terminolóxica** do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e das actuacións a practicar.
- Porque había que insistir na importancia do seguimento e da **avaliación como**

procesos de mellora.

b) Algunhas medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Medidas extraordinarias son todas aquelas dirixidas a dar **resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. **Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario** ou por resultaren estas insuficientes. (Decreto 229/2011. Art. 9.1)
- **Necesitan autorización** da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. (Decreto 229/2011. Art. 9.2)

1. Adaptacións curriculares (AC).

- **Concepto.**
 - Regúlaas a **Orde do 06-10-1995**, cunha pequena modificación nos decretos de Primaria (130/2007) e ESO (133/2007).
 - Consisten na **modificación, redución ou supresión de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación do currículo correspondente ao nivel ou curso** no que a alumna ou o alumno se atopa matriculado, coa finalidade de atender, adecuadamente, o alumnado con necesidades educativas especiais e contribuír ao logro das competencias básicas na medida das súas posibilidades.
 - Están **pensadas para ANEE**, debendo aplicarse unha vez **esgotadas as medidas ordinarias** ou por resultaren esas **insuficientes**.
 - En **primaria** deben ser dun **ciclo**. En **ESO** e **bacharelato**, dun **curso**. En **infantil, excepcional**.
 - **Nunha AC cómpre diferenciar:**
 - **Currículo de referencia:** aquel que corresponde ao nivel ou **curso no que** a alumna ou o alumno **está matriculado**.
 - **Currículo adaptado:** o que se recolle na súa adaptación curricular. O que conecta coa liña de base da alumna ou alumno, **o que se vai traballar**. En bacharelato ten que ser da etapa.
- **Procedemento de elaboración e autorización.**
 - Avaliación psicopedagóxica.
 - Reunión do equipo docente e da orientadora ou do orientador coa xefatura de estudos.
 - Adaptación das áreas ou materias acordadas.
 - Conformación do expediente e envío á inspección educativa.
 - Autorización da inspección

- **A avaliación e a promoción.**
 - **Primaria:** a avaliación e a promoción tomarán como referencia os **obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións**. (Art. 16.4 do Dto. 130/2007)
 - **Secundaria Obrigatoria:** a avaliación e a promoción tomarán como referencia os **obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións**. (Art. 14.4 do Dto. 133/2007)
 - **Bacharelato:** avaliación e promoción segundo **criterios xerais**.
- **A titulación.**
 - **Titulación** en ESO e bacharelato: segundo os **criterios xerais** de cada etapa.
- **A importancia dun modelo de planificación.**
 - O **modelo de planificación** das áreas ou materias adaptadas ten moita importancia. **Cada centro** debe establecer o seu modelo **no PXAD**.
 - Un **modelo que faga visible o currículo de referencia e o adaptado** en cada un dos bloques, unidades, etc. pode ser moi útil

2. Apoio do profesorado de PT e/ou AL.

- O profesorado de **PT e AL** é un **profesorado especialista** que debe prestar atención educativa, sobre todo, ao **ANEE**.
- A **proposta da docencia** do profesorado de **PT e AL** debe realizala (consensual) a **orientadora ou orientador**.
- As intervencións de apoio deben ser, **preferentemente, na aula ordinaria**.
- O profesorado de PT e AL debe elaborar un **informe anual** do alumnado atendido.

3. Flexibilizacións da duración do período de escolarización.

- **Concepto.**
 - **Redución** ou **ampliación extraordinaria** do tempo de escolarización do alumnado, polas súas **altas capacidades** intelectuais ou por **necesidades educativas especiais**.
 - Actualmente están **reguladas** polas **ordres do 28 de outubro de 1996** e do **27 de decembro de 2002**.
- **Flexibilizacións en educación infantil.**
 - **Reducir un ano** escolar (altas capacidades).
 - **Aumentar un ano** (NEE).
- **Flexibilizacións en educación primaria.**
 - **Reducir un ano** escolar (altas capacidades. Orde 28-10-1996: se non se anticipou primaria).
 - **Aumentar un ano** (NEE).

- “Aumentar un 2º ano escolar” (Orde 27-12-2002: se non repetiu infantil).
- Límite dos 15 anos.
- **Flexibilizacións en educación secundaria obrigatoria.**
 - Reducir un ano escolar (altas capacidades).
 - Aumentar un ano (NEE. Orde 27-12-2002: non nun curso no que xa repetise).
 - Fragmentar 3º e 4º (Orde 27-12-2002).
 - Límite dos 19 anos (centros ordinarios) e 21 anos (unidades ou CEE). Decreto 229/2011.
- **“Flexibilizacións” en bacharelato.**
 - Fragmentar os cursos por materias, coa posibilidade dun aumento extra de dous anos escolares.
- **Procedemento de solicitude e autorización** (lexislación actual):
 - En ambos casos (redución e ampliación):
 - Solicitude centro á xefatura territorial, no mes de **abril**, aportando:
 - Informe “favorable” DO.
 - Conformidade familia.
 - Certificación académica.
 - AC.
 - Demanda de informe á inspección educativa.
 - Traslado de todo o anterior á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que é quen autoriza ou denega.
 - Na redución (altas capacidades intelectuais):
 - Debe aportarse, tamén, un informe titorial.

c) O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

1. Finalidade.

- Que cada centro concrete as **actuacións e medidas** de atención á diversidade para adecuar a resposta educativa ás necesidades da **totalidade** do seu **alumnado**.
- Facer reais a **prevención** e a atención temperá.
- Aportar:
 - **Sistematización** (importan os proxectos no tempo).
 - **Autonomía** do centro (cada centro decide).
 - **Visibilidade** (coñecido por toda a comunidade educativa).

2. Contido.

- Os mínimos figuran no **artigo 12 do decreto 229/2011**:

- Xustificación baseada no **contexto**.
 - Identificación e valoración das **necesidades**.
 - Determinación dos **obxectivos**.
 - Descrición das **actuacións**, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
 - Determinación dos criterios para a **organización e distribución dos recursos** e a aplicación das medidas propostas.
 - Concreción das **actuacións dos distintos profesionais** en relación ás medidas deseñadas para o centro.
 - Mecanismos de **coordinación e colaboración** internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
 - Canles de **colaboración coas nais**, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes **servizos externos** ao centro.
 - **Protocolos** para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
 - Procesos de **seguimento, avaliación e mellora** do plan.
- O que importa é un **PXAD do centro e para o centro**.

3. Elaboración.

- Directrices da CCP.
- **Achegas** dos distintos departamentos e equipos do centro.
- Elaboración da **proposta** de PXAD polo **departamento de orientación**.
- Presentación ao **claudio**, para a súa aprobación e traslado ao CE.
- **Aprobación polo CE** e integración no PE.

Anualmente: o DO elabora a **concreción** do PXAD e incorpórase á PXA.